



SAL. 006472 12.07.16 12:05

RESOLUCIÓN REITORAL DO 11/07/2016 SOBRE REALIZACIÓN DE VARIAS MENCIÓNS E ESPECIALIDADES NAS TITULACIÓNNS DE GRAO E MASTER

O RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, coas modificacións posteriores, contempla no artigo 9 a posibilidade de que as titulacións de Grao incorporen mencións alusivas a itinerarios ou intensificacións curriculares, e no seu artigo 10.3, que as titulacións de Máster establezan especialidades na programación das súas ensinanzas, que se correspondan co seu ámbito científico, humanístico, tecnolóxico ou profesional, sempre e cando estas mencións e especialidades estean previstas nas memorias dos planos de estudio e fosen verificadas segundo o previsto nos artigos 24 e 25 do citado Real Decreto.

O Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, introduce tamén modificacións na normativa de expedición de títulos no relativo ás especialidades e mencións, no senso de que non se poida realizar a expedición de títulos universitarios de Grado o Máster coa mesma denominación e distintas mencións ou especialidades, cando os planos de estudios son os mesmos e simplemente varian as mencións ou especialidades que se cursan.

As memorias dos planos de estudio de Grao e Máster ofertados pola USC teñen incorporado para certas titulacións a posibilidade de que o alumnado poida obter unha ou varias mencións ou especialidades en función das ensinanzas, polo que co obxecto de regular esta situación dítese a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Para obter unha mención ou especialidade o alumnado deberá superar todas as materias obligatorias e optativas vinculadas á mención/especialidade. No caso de que no plano de estudos se contemple a realización dun prácticum, prácticas externas e TFG/TFM vinculados ás mencións/especialidades, tamén deberán realizar estas materias. Se os estudiantes xa tivesen realizado algúun prácticum ou prácticas externas na titulación da que cursan a nova mención/especialidade corresponderá aos órganos dos centros que teñan as competencias delegadas (Comisións Académicas, Titulacións, etc.) determinar a posibilidade de recoñecer parte dos créditos realizados na nova mención ou especialidade, tendo en conta as competencias e contidos cursados e relacionados coa nova mención/especialidade. En todo caso, os TFG/TFM ou materias complementarias vinculadas á mención/especialidade deberán ser superados polo estudiante por cada unha das mencións/especialidades para a súa obtención.

Segundo.- O alumnado que estea matriculado dunha titulación que oferte mencións/especialidades só poderá matricularse dunha delas no mesmo curso académico, salvo que estea prevista a matrícula en varias mencións/especialidades na memoria do título ou así o prevea o centro responsable de acordo coa súa organización.



O alumnado que teña rematados os seus estudos e estea en condicións de obter o título poderá solicitar a matrícula en mencións/especialidades adicionais da mesma titulación. Neste caso, os centros poderán establecer cotas para cursar determinadas mencións de acordo coa organización académica das titulacións das que son responsables.

Terceiro.- Cando un mesmo plano de estudos de grao ou máster se imparta en varios campus, e oferte distintas mencións/especialidades en función do campus, o alumnado tamén poderá cursar as novas mencións/especialidades no campus distinto. A estos efectos, dende os servizos administrativos habilitaranse os procedementos que correspondan para permitir a matrícula na nova mención/especialidade.

Cuarto.- O alumnado matriculado nun “curso ponte” para a obtención do título de grao non poderá realizar mencións. Finalizados os estudos poderán cursar unha mención sempre e cando non a cursaran na titulación previa que lle deu acceso ao curso.

Quinto.- Antes da solicitude de expedición do título, o alumnado deberá solicitar previamente na UXA a matrícula da mención/especialidade. Esta solicitude será resolta previo informe do centro ou comisión académica correspondentes

Sexto.- A matrícula nunha nova mención/especialidade devengará os prezos públicos que estableza o Decreto de prezos da Comunidade Autónoma, e a normativa que a tal efecto sexa de aplicación na Universidade.

Sétimo.- Nos supostos en que se acredeite a superación de máis dunha especialidade/mención vinculada a un mesmo título procederá a expedición dun único título. No anverso figurará unha das especialidades ou mencións incluíndo as restantes no reverso.

Oitavo.- Non serán admitidos alumnos doutras universidades aos efectos exclusivos de realizar unha mención ou especialidade, agás nos supostos de títulos interuniversitarios ou compartidos.

En Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2016

O Reitor

Juan Viaño Rey